



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución idioma 1, I: Francés-Español

Materia	Tradución idioma 1, I: Francés-Español			
Código	V01G230V01312			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cruces Colado, María Susana Sánchez Trigo, María Elena			
Profesorado	Cruces Colado, María Susana Sánchez Trigo, María Elena			
Correo-e	scruces@uvigo.es etrigo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é o primeiro contacto do alumnado co proceso de tradución. Os seus contidos e actividades están concebidos para adquirir e desenvolver os coñecementos e estratexias básicos deste proceso, na combinación lingüística francés-español.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C21	Rigor e seriedade no traballo
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D9	Razoamento crítico
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
	A3	C1	D2
	A4	C2	D9
		C3	D17
		C4	D22
(*)Analizar textos en la lengua de Idioma I, identificando tanto las especificidades lingüísticas y de género textual, como las referencias culturales y de civilización del país de donde provienen dichos textos para su plena comprensión.	A1	C1	D3
	A2	C2	D4
	A4	C4	D7
		C18	D9
(*)Producir un texto traducido en Lengua I (español) seleccionando el material lingüístico que cumpla con los estándares de norma y uso de textos originales similares, contrastándolo para ello con textos paralelos. Aplicar criterios razonados de revisión.	A1	C1	D3
	A4	C3	D4
		C4	D7
		C17	D9
		C21	
(*)Conocer y manejar las fuentes documentales básicas para la traducción francés-español	A1	C1	D1
	A2	C2	D7
	A4	C4	

## Contidos

### Tema

Bloque I: Etapas de elaboración do encargo de tradución: aplicación á tradución do francés ao español	Unidade.1. Introducción á tradución 1.1. As etapas do proceso de tradución. 1.2 Comprensión do texto en francés: análise textual e identificación de problemas Unidade 2. A documentación básica: introdución Unidade 3. A reformulación do texto en español 3.1. Estratexias tradutoras e xustificación das mesmas 3.2. A revisión: etapas e corrección de probas
Bloque II: Dificultades da tradución do francés ao español relacionadas con elementos contrastivos	Unidade 4: Convencións da escritura Unidade 5: Dificultades morfosintácticas Unidade 6: Dificultades léxico-semánticas Unidade 7: Dificultades estilísticas e discursivas
Bloque III: Dificultades da tradución do francés ao español relacionadas con problemas específicos de tradución	Unidade 8: Procura da equivalencia textual Unidade 9: Creatividade discursiva Unidade 10 Referencias culturais e intertextuais

A presentación secuencial das unidades que configuran figuran o programa constitúe unha maneira lóxica de organizalos, pero non se trata de compartimentos estancos, senón que todos están claramente interrelacionados.

#### OBSERVACIÓNS:

A) a materia será impartida polas seguintes docentes coa seguinte repartición de temas e actividades:

- 1) Elena Sánchez Trigo: 6 primeiras horas a cada grupo (4 horas/grupo semana do 8-12/09/2014 e 2 1as. horas/grupo semana do 15-19/09/2014).

Encargarase da presentación, avaliación diagnóstica e unidade 2.

- 2) Susana Cruces Colado: 42 horas restantes a cada grupo. Encargarase do resto do programa e de todas as actividades avaliáveis.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballos de aula	32	45	77
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	30	30
Estudos/actividades previos	4	27	31
Sesión maxistral	6	0	6
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Presentación da materia no relativo aos contidos, avaliación, metodoloxía docente, etc. Farase unha pequena proba de avaliación diagnóstica que non se terá en conta para a avaliación final
Traballos de aula	O estudante realiza exercicios preparatorios para a tradución, de sensibilización co proceso tradutor, elabora traducións na aula baixo as directrices e supervisión da profesora, e realiza revisión de textos.  O seu desenvolvemento pode estar vinculado coas actividades autónomas do estudante.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente encargos de tradución que reproducen situacións reais aínda que simplificadas da actividade profesional. Para iso aplicarán os coñecementos e destrezas adquiridos durante os traballos de aula.
Estudos/actividades previos	O alumnado ha de contestar un cuestionario relativo aos contidos das lecturas obrigatorias.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificadas, de forma telemática. Todo o material empregado en clase (apuntamentos, textos, etc.) atoparase dispoñible na plataforma FAITIC
Traballos de aula	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificadas, de forma telemática. Todo o material empregado en clase (apuntamentos, textos, etc.) atoparase dispoñible na plataforma FAITIC
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificadas, de forma telemática. Todo o material empregado en clase (apuntamentos, textos, etc.) atoparase dispoñible na plataforma FAITIC

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos de aula	Estes traballos consistirán en traducións realizadas na aula, revisións de traducións ou outros que propoña a docente. A efectos de avaliación terase en conta a participación activa. Será obrigatoria a entrega de polo menos tres traballos para a súa corrección e avaliación.	10	A1 A2 A3	C4 C17 C18 C21	D1 D2 D4 D7 D9 D17 D22
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente 2 encargos de tradución que reproducen situacións reais da actividade profesional. Para iso aplicarán os coñecementos e destrezas adquiridos durante os traballos de aula. O primeiro encargo realizarase a semana do 17 ao 21 de outubro. O segundo encargo a primeira semana de xaneiro de 2016 tras a volta de vacacións, do 9 ao 13 xaneiro.  A nota deste apartado será a media entre ambas as probas. Se a segunda proba obtén unha cualificación superior en polo menos un (1) punto que a primeira, entón só contará a segunda mellor nota para calcular a porcentaxe.	25	A1 A2 A3	C1 C2 C3 C4 C17 C21	D1 D4 D7 D9 D17 D22
Estudos/actividades previos	O alumnado ha de contestar un cuestionario relativo aos contidos das lecturas obrigatorias. Estas indicaranse na plataforma FAITIC. É obrigatoria a lectura dunha obra literaria en francés (en español para o alumnado Erasmus) que se indica na bibliografía recomendada da materia. Esta será obxecto dun control de lectura que se realizará o mesmo día da proba final, a semana do 19 ao 22 de decembro.	5	A1 A2 A3	C1 C2	D1 D2 D9 D17

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realizaranse dúas probas de tradución con tempo limitado (2 horas cada proba).	60	A1	C1	D1
	A primeira a última semana de outubro, e a segunda, denominada proba final, o último día de clase de decembro de 2016.		A2	C2	D2
	a) Soamente poderase usar documentación en papel que debe levar o alumnado. Permitirase unicamente o uso de libros e dicionarios, pero non de apuntamentos propios ou similares. Non se poderá empregar o computador nin calquera outro dispositivo electrónico.		A3	C3	D4
	*b) A nota deste apartado será a media entre ambas as probas. Se a segunda proba obtén unha cualificación superior en polo menos un (1) punto que a primeira, entón só contará a segunda mellor nota para calcular a porcentaxe.			C4	D7
	É necesario que a nota do segundo exame sexa igual ou superior a 5. De non ser así, a nota da materia será a deste segundo exame, que se deberá superar na convocatoria de xullo para poder aplicar as porcentaxes anteriores.			C17	D9
				C18	D17
				C21	D22

### Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma \*FAITIC e de estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas, etc.

#### AVALIACIÓN CONTINUA

1- O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa decisión de acollerse á avaliación continua ou non. Para esta recoméndase a asistencia continuada a clase.

2- Aquelas persoas que por motivos de traballo ou familiares non poidan asistir ás clases, deben comunicalo persoalmente á profesora para que esta tome as medidas compensatorias para facilitar a conciliación laboral e familiar.

3- O non entregar algún dos dous encargos ou non realizar algunha das dúas probas implicará a perda do dereito á avaliación continua e a anulación de todas cualificacións obtidas anteriormente. Terá entón que presentarse á convocatoria única

4- O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo na data publicada polo decanato.

**a) Se ten unha nota media superior a 5 nos dous apartados: Encargos de tradución (25%) e Traballos de aula (10%),** só deberá realizar unha proba en tempo limitado similar á proba final de decembro.

**\*b) Se non se ten unha nota media superior a 5 nos dous apartados: Encargos de tradución (25%) e Traballos de aula (10%)** terá que realizar obrigatoriamente as probas que se especifican a continuación:

1. Tradución con tempo limitado (2 horas): 65% da nota. Soamente poderase usar documentación en papel que debe levar o alumnado e non se poderá empregar o computador. Permitirase unicamente o uso de libros e dicionarios, pero non de apuntamentos propios ou similares.

2. Encargo de tradución que recibirá o alumnado o día do exame oficial e que deberá entregar segundo as condicións especificadas no devandito encargo nun máximo de 7 días naturais: 35% da nota

No caso **\*b)** a nota mínima da tradución con tempo limitado para facer a media entre partes será dun 4 sobre 10. De non alcanzar esta nota, non se contará o encargo de tradución e a nota final será a do exame con tempo limitado.

O plaxio ou copia cualificarase cun 0, que computará para a nota final. O exercicio ou traballo que fose obxecto de copia ou plaxio non se poderá repetir. Considérase plaxio o uso de programas de tradución automática.

#### CONVOCATORIA ÚNICA (XANEIRO E XULLO)

O alumnado que non se acolla á avaliación continua ou que teña a materia pendente de cursos anteriores presentarse na data oficial do exame (xaneiro ou xullo segundo corresponda) de xaneiro publicada polo decanato a unha proba que consistirá en:

1. Tradución con tempo limitado (2 horas): 65% da nota. Soamente poderase usar documentación en papel que debe levar o alumnado e non se poderá empregar o computador. Permitirase unicamente o uso de libros e dicionarios, pero non de apuntamentos propios ou similares.

2. Encargo de tradución que recibirá o alumnado o día do exame oficial e que deberá entregar segundo as condicións especificadas no devandito encargo nun máximo de 7 días naturais: 35% da nota.

A nota mínima da tradución con tempo limitado para facer a media entre ambas as partes será dun 4 sobre 10. De non alcanzar esta nota, non se contará o encargo de tradución e a nota final será a do exame.

O plaxio ou copia cualificarase cun 0, que computará para a nota final. O exercicio ou traballo que fose obxecto de copia ou plaxio non se poderá repetir. Considérase plaxio o uso de programas de tradución automática.

Ao alumnado supónselle un coñecemento de partida de manexo a nivel de usuario dos procesadores de texto. Quen non posúa esta competencia, terá que traballala pola súa conta as primeiras semanas de clase, posto que un dos criterios de corrección será o uso adecuado de normas de presentación usando devanditos procesadores.

O plaxio ou copia cualificarase cun 0, que computará para a nota final. O exercicio ou traballo que fose obxecto de copia ou plaxio non se poderá repetir. Considérase plaxio o uso de programas de tradución automática.

## **ALUMNADO ERASMUS**

**Esta materia non está dirixida á aprendizaxe do español. Considérase que o alumnado xa posúe un bo nivel do mesmo.**

Para poder cursar a materia recoméndase un nivel \*B2 de español.

Non se recomenda seguir esta materia a aquel alumnado que:

1. Non teña como primeira lingua de traballo o español
- 2- Non curse estudos de linguas e literatura, tradución ou linguas aplicadas.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Diccionarios monolingües franceses**

REY, A. & DEBOVE, J. *Le nouveau petit Robert* (2 vols). 1996. Paris: Le Robert. *Le nouveau petit Robert 1* contine solo entradas léxicas, y el vol. 2, nombres propios y geográficos.

*Larousse en ligne*. <<http://www.larousse.com/fr/dictionnaires>> . Diccionario monolingüe y también español-francés

*Le Trésor de la Langue Française informatisé* . CNRS. <<http://atilf.atilf.fr/tlf.htm>>

### **Diccionarios monolingües españoles**

BUITRAGO JIMÉNEZ, A. 1995. *Diccionario de dichos y frases hechas*. Madrid: Espasa.

*Clave. Diccionario de Uso del Español Actual (SM)*. <<http://clave.librosvivos.net>>

*Diccionario Salamanca de la Lengua Española*. 1996. Madrid: Santillana.

*Gran Diccionario de la Lengua Española*. 1996. Barcelona: Larousse-Planeta.

*Gran Diccionario de sinónimos y antónimos de la lengua española*. 1997. Barcelona: Bibliograf.

MOLINER, M. 2000. *Diccionario del Uso del Español* (edición revisada, 2 vols.). Madrid: Gredos.

R.A.E. *Diccionario de la Lengua Española*. 2002. (22ª ed.). Madrid: Espasa-Calpe. Versión en línea: <http://rae.es/rae.html>

SECO, M., ANDRÉS, O. & GARCÍA RAMOS. 1999. *Diccionario de uso del español actual* (2 vols.). Madrid: Aguilar.

### **Gramáticas españolas y libros de estilo.**

GÓMEZ TORREGO, L. 1998. *Gramática didáctica del español*. Madrid: SM

□. 2000. *Ortografía de uso del español actual*. Madrid: SM

MARTÍNEZ DE SOUSA, 2000. *Manual de estilo de la lengua española*. Gijón: Trea.

## **Gramáticas francesas**

*Nouvelle Grammaire de la Sorbonne*. 1990. Hachette: Paris.

## **Otras obras de consulta**

HURTADO ALBIR, A. 2001. *Traducción y traductología. Introducción a la traductología*. Madrid: Cátedra.

MARTÍNEZ DE SOUSA, J. 2008. *Ortografía y ortotipografía del español actual*, Gijón: Trea (2ª ed. corregida)

MUÑOZ MARTÍN, R. 1995. *Lingüística para traducir*. Barcelona: Teide.

SÁNCHEZ TRIGO, E. 2002. *Teoría de la traducción: convergencias y divergencias*, Vigo: Servicio de Publicacións Universidade de Vigo.

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Tradución idioma 1, II: Francés-Español/V01G230V01505

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104

Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204

### **Outros comentarios**

O alumnado Erasmus que desexe cursar esta materia deberá presentarse como moi tarde a 3ª semana de clase. De non ser así, non poderá cursar a materia porque xa se impartiron clases fundamentais para poder seguir o seu desenvolvemento e participar activamente nesta.

O alumnado Erasmus que non teña como linguas de traballo principais francés e español debe realizar unha proba de nivel (redacción e unha tradución curta), para comprobar que está capacitado para traducir cara ao español. Recoméndase polo menos B2 para cada unha das linguas.